

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

**I.E.S. SAN CLEMENTE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

**PROGRAMACIÓN DIDACTICA CURSO ACADÉMICO
2022/23**

INDICE

1.1	Presentación.....	4
1.2	O Departamento	5
1.3	Contextualización e marco lexislativo	5
1.4	Obxectivos xerais do bacharelato	8
1.5	Obxectivos xerais da filosofía	9
1.6	Características específicas do ensino a distancia	10

2. FILOSOFÍA I

2.1	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	12
2.2	Obxectivos da materia de Filosofía	13
2.3	Concreción dos estándares de aprendizaxe	15
2.4	Metodoloxía	29
2.5	Criterios de avaliación, cualificación e promoción.	31
2.6	Medidas de atención á diversidade	33
2.8	Educación transversal	33
2.9	Mecanismo de revisión das programacións en relación coa mellora dos resultados académicos	35

3. HISTORIA DA FILOSOFÍA

3.1	Referencia curso e área	37
3.2	Introducción e contextualización	37
3.3	Contribución ó desenvolvemento das competencias clave	40
3.4	Relación de estándares de aprendizaxe availables da materia	41
3.5	Obxectivos do curso	44
3.6	Concreción para cada estándar de aprendizaxe available, da temporalización, grao de consecución mínimo e procedementos de avaliación	46
3.7	Criterios de cualificación	51
3.8	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente	52
3.9	Avaliación inicial	54
3.10	Medidas de atención á diversidade	54
3.11	Concreción de elementos transversais	54
3.12	Mecanismo de revisión, avaliação e modificación da programación en función dos resultados académicos	57
3.13	Bibliografía recomendade e enlaces web para a mellora e ampliación da información	57

1. INTRODUCCIÓN

1.1 PRESENTACIÓN

O departamento de filosofía está integrado polo profesor Manuel Mira Martínez. As materias que oferta o centro neste departamento son Filosofía 1 e Historia da Filosofía de 2º Bac. Nas materias Loe non haberá ningún cambio, respecto ós contidos, obxectivos e criterios de avaliación do curso pasado. Si haberá cambios nas materias de 1º bac que xa se deben axustar á nova lei Lomloe.

1.2 O DEPARTAMENTO E AS SÚAS MATERIAS

O Departamento de Filosofía do I.E.S. San Clemente impartirá ó longo deste curso académico as seguintes materias de acordo á Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidad educativa (LOMCE) e ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 120 do luns, 29 de xuño de 2015),

-1º BAC:

Filosofía 1
Educación Física (como afín)

-2º BAC:

Historia da Filosofía

As tres materias serán impartidas polo único profesor do departamento Manuel

Mira Martínez, que a súa vez exercerá as funcións de xefe de departamento.

1.3 CONTEXTUALIZACIÓN E MARCO LEXISLATIVO

1.3.1 Localización e historia do IES San Clemente

O IES San Clemente está situado no centro do casco histórico da cidade de Santiago de Compostela, entre o paseo da Alameda e a Catedral, na Rúa de San Clemente, s/n, 15705.

A localización estratégica da cidade con respecto á xeografía galega, facilita o acceso desde diferentes puntos de Galicia do alumnado matriculado no conxunto da Comunidade Autónoma.



Tal e como se recolle na web do centro, a historia do IES San Clemente remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá doa uns terreos situados no campo de San Clemente á Igrexa, coa finalidade de que neles se construíse un centro para acoller os nenos pobres da cidade e proporcionarllles uns coñecementos profesionais que lles permitisen no futuro desempeñar un oficio. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de edificación a través de D. Fernando Quiroga Palacios.

Aínda que o edificio pudo estar rematado antes, as súas actividades non comenzaron ata o ano 1953 que coincide co momento en que o Papa Pío XII designa cardeal a Don Fernando Quiroga Palacios.

A historia vén demostrar que o centro sempre estivo vinculado a ensinanzas profesionais: foi escola de traballo, escola de artes, escola de mestría industrial, centro de formación profesional; non foi ata a última década do século XX cando, coa reforma educativa formulada na LOXSE, pasou a denominarse IES e, xa no século XXI, se introduciron as ensinanzas non estritamente profesionais.

O edificio forma parte, estrutural e arquitectonicamente, do conxunto histórico da cidade. Está distribuído en tres plantas e un soto; posúe seis aulas de informática, cinco aulas para ESA e BAC (adultos), unha sala de usos múltiples (vídeo, conferencias, etc.), unha biblioteca e outras dependencias dedicadas á administración e servizos.

O centro sempre foi de titularidade pública e, polo tanto, depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

1.3.2 Contexto educativo

A educación a distancia esixe un dobre esforzo do alumnado, un rápido desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, xa que o material vaise subindo á plataforma dixital (<http://aulavirtual.iessanclemente.net/aulavirtual.aspx>) de xeito paulatino co obxectivo de que o alumnado vaia traballando os contidos propostos segundo a temporalización establecida, e isto supón un exercicio case autodidacta moi útil para a súa formación e vida laboral futura. Tamén contribúe unha competencia nas novas tecnoloxías dixitais obrigados polo uso de dita plataforma.

Ás vantaxes deste tipo de ensino non presencial para aqueles alumnos que están traballando ou non poden asistir a un centro de educación para adultos radican na flexibilidade para escoller as horas de estudo e a disposición en calquera momento de todos os materiais necesarios para unha aprendizaxe adecuada das materias; engádense a estes materiais presentes na plataforma, as titorías presenciais e multimedia, as cales pretenden servir de apoio constante ao alumnado ao longo de todo o curso, de xeito que, axudado polo profesorado titor, poda acadar con éxito unha avaliación positiva.

1.3.3 Marco lexislativo

A situación lexislativa actual, nun momento de cambio co remate da implantación nestas ensinanzas da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que veñen modifica-la organización da educación secundaria obligatoria [ESO] e do Bac, fai preciso delimitar correctamente o desenvolvemento normativo do currículo.

Este atópase recollido a nivel estatal polo Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato e a nivel autonómico na nosa comunidade polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica de obrigado cumprimento engádese algunha outra que a complementa como pode ser a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obligatoria e o bacharelato; a Orde do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/17, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia ou a Resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.4. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvimento e a mellora do seu medio social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- n) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

1.5 OBXECTIVOS XERAIS DA FILOSOFÍA

1º. A Filosofía axudará ao/á alumno/a a acadar unha ponderada actitude crítica, para non aceptar realidades nin ideologías, sen sometelas a revisión. Con isto tentarase evitar que se deixe alienar ou deshumanizar polo contexto social, cultural ou político.

2º. Á Filosofía correspónelle unha función integradora e de fundamentación dos diversos saberes nos que a/o estudiante está sendo formada/o e educada/o.

3º. A Filosofía será a que lle amose ao alumnado o camiño para: ler obxectivamente as manifestacións culturais, penetrar alén das apariencias, buscando a significación profunda, e comprometelo nunha tarefa humanizadora da sociedade.

4º. Á Filosofía correspónelle dinamizar o desenvolvemento da formación humanística, pola profundización do coñecemento do ser humano e pola apertura ó prantexamento de cuestións últimas.

5º. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.

6º. A Filosofía axudará ao/á alumno/a: á formación de hábitos de pensar e ó rigor do pensamento abstracto, á progresiva adquisición dun vocabulario de orixe filosófica, ó uso dun vocabulario preciso e técnico, a coñecer ás/-aos grandes autoras/es e as correntes filosóficas que forman parte da nosa cultura.

7º. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Estes obxectivos xerais haberán de ser concretados nas programacións específicas de cada un dos conxuntos temáticos e unidades de traballo, como metas que é preciso acadar.

En ocasións covén matizalos e adaptalos ó grupo a que se dirixen. En todo caso, cómpre presentar os obxectivos como fins a acadar e evaluar, para que entren na esfera das posibilidades e motivacións do alumnado.

1.6. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO ENSINO A DISTANCIA.

Cómpre salientar, en primeiro lugar, a **especificidade do tipo de alumnado** das nosas ensinanzas: adultos/as, traballadores/as, deportistas profesionais, persoas que combinan diversos tipos de estudos (p.e. ensinanzas musicais ou artísticas) e tamén alumnado que abandonou no seu momento o bacharelato e desexa continuar de novo coa súa formación académica.

Estas circunstancias obrígannos a adaptar dunha forma axeitada o currículo e a metodoloxía, como se reflectirá no desenvolvemento desta programación.

En segundo lugar, o noso sistema educativo a distancia presenta unhas **características metodolóxicas propias** que combinan as gravacións das clases que se publican na plataforma, coa atención constante dende a aula virtual, foros, correo electrónico, vídeo conferencia ou vía telefónica. En calquera caso, preténdese orientar, formar e facer labores de seguimento na aprendizaxe do alumnado.

A característica diferencial mais importante con respecto ó ensino presencial é o non coñecer persoalmente o alumnado, dado que a inmensa maioría do alumnado non pode vir ó centro, nin para consultar calquera dúbida nas horas de titoría, e moi poucos se poñen en contacto co profesor da materia. A súa actividade académica limitase nunha porcentaxe elevada do alumnado a descargar os contidos das guías da materia correspondente e preparar os exames pola súa conta. É por isto que neste modelo educativo a tarefa do profesor orientarse fundamentalmente a proporcionar ó alumno os materiais necesarios para a preparación da materia. Isto inclúe os documentos e exercicios auto disponibles das guías, vídeos de pantalla, gravación de titorías e comunicacións por teléfono, videoconferencia ou vía e-mail nas que se lle resolven as posibles dificultades que poida atopar.

PRIMEIRO DE BACHARELATO FILOSOFÍA 1

2. FILOSOFÍA I

2.1 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Segundo o esencial do indicado no Decreto 86/2015, presentamos aquí a contribución xeral da materia «Filosofía I » ao desenvolvemento das competencias clave do currículo. A concreción desta contribución en relación con estándares de aprendizaxe amósanse no apartado 4.3. correspondente a esos estándares.

—Competencias sociais e cívicas (CSC). Estas competencias son o obxectivo esencial e final da materia. As unidades 9 e 10 desenvolven a racionalidade práctica na ética e a política. O seu fin é sensibilizar ó alumno da súa acción individual e social, co fin orientalo cara a súa dimensión cívica.

—Competencia en comunicación lingüística (CCL). A materia permite mellorar no alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro, escrito e oral, como o diálogo frutífero coas demais persoas. A unidade 5 está especialmente orientada a esta competencia.

—Competencia de aprender a aprender (CAA). Maniféstase na obriga intrínseca da filosofía de xerar marcos de sentido cada vez más complexos, globais e enriquecedores que nos permitan tratar cunha realidade plástica, multifacética e omniabarcante, realidade que provoca en nós a moi humana sensación de admiración.

—Sentido de iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE). A materia enfócase á acción, á creación e á innovación, a tomar iniciativas e emprender. A unidade 12 desenvolve algúns dos trazos que favorecen o espírito emprendedor.

—Competencia dixital (CD). Na metodoloxía da materia fomentaremos no alumnado o uso das novas tecnoloxías baixo as dúas facetas de información e comunicación.

—Conciencia e expresións culturais (CCEC). O percorrido da filosofía polos seus temas e pola súa historia brinda acceso, ao cabo, a un panorama de teorías, pensadores, correntes, ideas, argumentos, críticas e preguntas que conforman a trama onde se viñeron tecendo a conciencia e as expresións culturais que nos fan ser o que somos. As unidades 1, 2 e 6 contribuen a esta competencia.

—Competencia matemática e competencias básica en ciencia e tecnoloxía (CMCT). A Filosofía desenvólvese como coñecemento en coordinación coas ciencias e a tecnoloxía coas que na orixe formou unha unidade. A unidade 4, dende o estudo da racionalidade científica serve a esta competencia.

2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

Obxectivos específicos da materia (anexo do devandito decreto, pax. 25641):

- Desenvolver a capacidade racional que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea e proporcione instrumentos para edificar unha sociedade libre, igual e xusta.

- b) Formar unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, amante das institucións democráticas e con habilidades prácticas na resolución dos problemas específicos desas sociedades.
- c) Capacitar o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo.
- d) Desenvolver a capacidade do alumnado para xustificar e defender racional e razoablemente a súa autonomía, a súa dignidade e os seus dereitos nun contexto en vías de globalización.

- e) Achegar ao alumnado os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI.
- f) Ofrecer ao alumnado os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade.
- g) Achegar ao alumnado enfoques plurais e contrastados que permitan albiscar saídas aos problemas que afectan a convivencia humana, así como a aprendizaxe do tratamento racional e dialogado destes asuntos para bloquear o recurso á violencia e á guerra, fomentando a paz e a seguridade global e local.
- h) Impulsar no alumnado o valor da indagación e a reflexión argumentada para descubrir prexuízos, xerar claridade respecto aos obxectivos e ao sentido da vida, valorar a calidade dos argumentos, detectar sofismas e falacias, resistir a presión arbitraria das persoas en situación de poder, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes, humanizar as persoas coas que convivimos.
- i) Facer reflexionar ao alumnado sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que dar visibilidade ao pensamento filosófico na muller.
- l) Axudar a desmontar os argumentos das condutas baseadas nos valores da dominación e a vontade de poder que provocan crises ecológicas, económicas e humanas.

- m) Espertar no alumnado o interese polas demais persoas, estimular a empatía para imaxinar os problemas que lles afectan e crear a capacidade para se emocionar moralmente.
- n) Estimular a deliberación sosegada sobre as decisións que rexen a vida cotiá individual e colectiva, e impulsar a tomar iniciativas razonables.
- ñ) Proporcionar ao alumnado a visión e a comprensión holística necesaria para, nunha sociedade democrática avanzada, aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos e políticos, sopesar teorías sobre a liberdade e a xustiza social, recoñecer a interacción dos fenómenos naturais e sociais, avaliar o impacto ético e social da tecnociencia e gozar con autonomía dos produtos artísticos.

2.3 CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

2.3.1 Esquema

O Decreto 86/2015 presenta os contidos da materia divididos en seis bloques, dos cales o primeiro é de contidos transversais. O Departamento presenta unha reordenación xustificada dos contidos que componen esos bloques.

A reordenación dos contidos responde ó calendario distribuído por quincenas no que se estrutura o curso do bacharelato a distancia. O curso consta de 12 quincenas repartidas en tres avaliaciós e os contidos foron agrupados en doce unidades que se reparten en cada una das quincenas. Respecto ó bloque 1 do decreto, relativo ós contidos transversais, consideramos que xa se aplican e están desenvoltos nos exercicios correspondentes a cada quincena.

UNIDADE 1 . O SABER FILOSÓFICO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e h	Filosofía: sentido, necesidade e historia Saber racional. Explicación prerracional: mito e maxia. Explicación racional: razón e sentidos. Funcións e vixencia da filosofía Racionalidade teórica e práctica Características da filosofía.	B2.1. Coñecer e comprender a especificidade e a importancia do saber racional en xeral e do filosófico en particular, en tanto que saber de comprensión e interpretación da realidade, valorando que a filosofía é, á vez, un saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a creatividade e a innovación B2.2. Identificar as dimensións teórica e práctica da filosofía, os seus obxectivos, as características, as disciplinas, os métodos e as funcións, relacionándoa paralelamente con outros saberes de comprensión da realidade	FIB2.1.1. Recoñece as preguntas e os problemas que veñen caracterizando a filosofía desde a súa orixe, comparando coa formulación doutros saberes, como o científico ou o teólogo. FIB2.1.2. Explica a orixe do saber filosófico diferenciándo dos saberes prerracionais, como o mito ou a maxia. FIB2.2.1. Identifica, relaciona e distingue as vertentes práctica e teórica do labor filosófico, así como as disciplinas que conforman a filosofía.	CCA CCEC CSC

UNIDADE 2. A FILOSOFÍA A TRAVÉS DA HISTORIA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e h	O saber filosófico a través da súa historia A filosofía na Idade Antiga A filosofía na Idade Media A filosofía na Idade Moderna A filosofía Contemporánea	B2.3. Contextualizar histórica e culturalmente as problemáticas analizadas e expresar por escrito as achegas más importantes do pensamento filosófico desde a súa orixe, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas, e argumentando as propias opinións ao respecto. B2.4. Comprender e utilizar con precisión o vocabulario filosófico fundamental, realizando un glosario de termos de xeito colaborativo mediante as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías. B2.5. Analizar de maneira crítica	FIB2.3.1. Recoñece as principais problemáticas filosóficas características de cada etapa cultural europea. FIB2.3.2. Expresa por escrito as teses fundamentais dalgúns das correntes filosóficas más importantes do pensamento. FIB2.4.1. Comprende e usa con rigor conceptos filosóficos como razón, sentidos, mito, logos, arché, necesidade, continxencia, causa, existencia, metafísica, lóxica, gnoseoloxía, obxectividade, dogmatismo, criticismo, etc. FIB2.5.1. Le e analiza de xeito crítico fragmentos de textos breves e significativos sobre a orixe	CCEC CCL

		<p>fragmentos de textos significativos e breves sobre a orixe, a caracterización e a vixencia da filosofía, identificando as problemáticas e soluciones expostas, distinguindo as teses principais e a orde de argumentación</p>	<p>da explicación racional e acerca das funcións e as características do pensamento filosófico, pertencentes a pensadores/as, que identifiquen as problemáticas filosóficas formuladas.</p>	
--	--	--	---	--

UNIDADE 3. O PROBLEMA DO COÑECIMENTO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e h g	<p>Teoría do coñecemento</p> <p>Graos e ferramentas do coñecemento</p> <p>Problemas implicados no coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional.</p> <p>O problema filosófico do coñecemento.</p> <p>A verdade como propiedade das cousas. A verdade comopropiedade do entendemento: coherencia e adecuación.</p> <p>Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade.</p>	<p>B3.1. Coñecer de modo claro e ordenado as problemáticas implicadas no proceso do coñecemento humano, analizadas desde o campo filosófico, os seus graos, as ferramentas e as fontes, e expor por escrito os modelos explicativos do coñecemento mais significativos.</p> <p>B3.2. Explicar e reflexionar sobre o problema do acceso á verdade, identificando as problemáticas e as posturas filosóficas que xurdiron en torno ao seu estudo.</p> <p>B3.3. Analizar de forma crítica fragmentos de textos significativos sobre a análise filosófica do coñecemento humano, os seus elementos, as súas posibilidades e os seus límites, valorando os esforzos por alcanzar unha aproximación á verdade arredrándose do dogmatismo, da arbitrariedade e dos prexuízos.</p>	<p>FIB3.1.1. Identifica e expresa de xeito claro e razoado os elementos e as problemáticas que implica o proceso do coñecemento da realidade, como é o dos seus graos, as súas posibilidades e os seus límites.</p> <p>FIB3.2.1. Coñece e explica teorías acerca do coñecemento e a verdade, como son o idealismo, o realismo, o racionalismo, o empirismo, o perspectivismo, o consenso ou o escepticismo, e contrasta semellanzas e diferenzas entre os conceptos clave que manexan.</p> <p>FIB3.2.2. Explica e contrasta criterios e teorías sobre a verdade, tanto no plano metafísico como no gnoseoloxico usando con rigor termos como gnoseoloxía, razón, sentidos abstracción, obxectividade, certeza, dúbida, evidencia, escepticismo, autoridade, probabilidade, prexuízo, coherencia, adecuación, consenso, incerteza, interese, iracional, etc...</p>	CCA CCEC CSC

UNIDADE 4. A RACIONALIDADE CIENTÍFICA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e h g	Filosofía, ciencia e tecnoloxía. Filosofía da ciencia Obxectivos e instrumentos da ciencia Método hipotético-	B3.4. Coñecer e explicar a función da ciencia, os seus modelos de explicación, as súas características, os seus métodos e a tipoloxía do saber científico, expondo as diferenzas e as coincidencias do	FIB3.4.1. Explica os obxectivos, as funcións e os principais elementos da ciencia, manexando termos como feito, hipótese, lei, teoría ou modelo.	CMCC T

i I	<p>dedutivo</p> <p>Investigación científica na modernidade e na época contemporanea. Técnica e tecnoloxía: saber e praxe</p> <p>Reflexións filosóficas sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico: O problema da indución.</p> <p>Visión aristotélica do quefacer científico</p> <p>Relación entre filosofía e ciencia.</p>	<p>ideal e a investigación científica co saber filosófico, como pode ser a problemática da obxectividade ou a adecuación teoría-realidade, argumentando as propias opinión de xeito razoado e coerente.</p> <p>B3.5. Relacionar e identificar as implicacións da tecnoloxía, en tanto que saber práctico transformador da natureza e da realidade humana, reflexionando, desde a filosofía da tecnoloxía, sobre as relacións coa ciencia e cos seres humanos.</p> <p>B3.6. Analizar de xeito crítico fragmentos de textos filosóficos sobre a reflexión filosófica acerca da ciencia, a técnica e a filosofía.</p> <p>B3.7. Entender e valorar a relación entre a filosofía e a ciencia.</p>	<p>FIB3.4.2. Constrúe unha hipótese científica, identifica os seus elementos e razoa a orde lóxica do proceso de coñecemento.</p> <p>FIB3.4.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos como indución, hipotético-deductivo, método, verificación, predición, realismo, causalidade, obxectividade, relatividade, caos e indeterminismo, entre otros.</p> <p>FIB3.5.1. Extrae conclusóns razoadassobre a inquedanza humana por transformar e dominar a natureza, pónboa ao servizo do ser humano, así como das consecuencias desta actuación, e participa de debates acerca das implicacións da tecnoloxía na realidade social.</p> <p>FIB3.6.1. Analiza fragmentos de textos de filosofía da ciencia.</p>	CSC CD
--------	---	--	--	-----------

UNIDADE 5. O COÑECEMENTO: A ESTRUCTURA LÓXICA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e h g i l	<p>Retórica, argumentación e lóxica</p> <p>Importancia da súa comunicación e a súa relación coa linguaxe</p> <p>A lóxica aristotélica como primeira formulación lóxica</p> <p>A lóxica proposicional Retórica e composición do discurso</p> <p>Argumentación: regras e ferramentas do diálogo e a demostración de argumentos</p>	<p>B6.13 Entender a importancia da comprensión lingüística e a coherencia lóxica dos razoamentos para una comunicación veraz e coherente.</p> <p>B6.14. Coñecer en que consiste a lóxica proposicional e apreciar o seu valor para amosar orazoamento correcto e a expresión do pensamento como condición fundamental para as relacións humanas.</p> <p>B6.15. Coñecer as dimensíons que forman parte da composición do discurso retórico, e aplicalas na composición de discursos.</p> <p>B6.16. Coñecer e utilizar as regras e as ferramentas básicas do discurso baseado na argumentación demostrativa.</p>	<p>FIB6.13.1. Coñece e manexa con rigor conceptos como símbolo, comunicación, linguaxe formal, lóxica, xuízo lóxico,razoamento, demostración, discurso, elocuencia, orador, retórica, exordio, inventio, dispositivo, argumentación, elocutio, compisito, actio, falacia, debate, negociación, persuasión e concepto universal, entre outros.</p> <p>FIB6.14.1. Utiliza os elementos e as regras do razoamento da lóxica de enunciados.</p> <p>FIB6.15.2. Coñece a estrutura e a orde do discurso, e escribe breves discursos retóricos establecendo coherentemente a exposición e a argumentación.</p> <p>FIB6.16.2. Distingue un argumento veraz dunha falacia. Distingue un razoamento ou siloxismo verdadeiro dun falso.</p>	CAA CCL CSIEE CSC CCEC

UNIDADE 6. A REALIDADE: METAFÍSICA E COSMOVISIÓN

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e h g i l	A metafísica como explicación teórica da realidade Pregunta polo ser como punto de partida da filosofía. Platón & Aristóteles Interrogación metafísica sobre a verdadeira realidade: problema da apariencia e a realidade. Pregunta pola orixe e estructura do real Caracterización da realidade: cambio ou permanencia. Substancialismo estático & devir. Necesidade de categorizar racionalmente o real. Cosmovisións científicas sobre o universo. Paradigmaorganicista: universo aristotélico Universo máquina: visión mecanicista na modernidade. Supostos empistemolóxicos do modelo heliocéntrico: procura das leis universais dun universo infinito. Determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade Visión contemporanea do universo Reencontro da filosofía e a física na teoría do caos.	B4.1. Recoñecer e valorar a metafísica, disciplina que estuda a realidade en tanto que totalidade, distinguíndo-a das ciencias, que versan sobre aspectos particulares desta. B4.2. Coñecer e explicar, desde un enfoque metafísico, os principais problemas que presenta a realidade B4.3. Coñecer e comparar as explicacións dadas desde as grandes cosmovisións sobre o universo. B4.4. Elaborar táboas e/ou mapas conceptuais comparando os caracteres adxudicados históricamente ao Universo, entendido como totalidade do real, contextualizando historicamente e culturalmente cada cosmovisión e ampliando información mediante internet e/ou fontes bibliográficas. B4.5. Ler e analizar de xeito crítico textos filosóficos, epistemológicos e científicos sobre a comprensión da realidade, tanto desde o plano metafísico como desde o físico, usando con precisión os termos técnicos estudiados, relacionar os problemas presentados nos textos co estudo nas unidades e razoar a postura propia.	FIB4.1.1. Coñece o que é a metafísica e usa a abstracción para comprender os seus contidos e a súa actividade, razonando sobre eles. FIB4.2.1. Describe as principais interpretacións metafísicas e os problemas que suscita o coñecemento metafísico da realidade. FIB4.2.2. Comprende e utiliza con rigor conceptos metafísicos como ser, sistema metafísico, realidade, apariencia, materia e espírito, unidade, dualidade, multiplicidade, devir, necesidade, continxencia, transcendencia, categoría e abstracción, materialismo, espiritualismo, existencialismo ou esencialismo, entre outros. FIB4.2.4. Analiza e comprende fragmentos de textos breves e significativos sobre as problemáticas metafísicas que presenta a realidade, de pensadores como Platón, Aristóteles, Tomé de Aquino, Descartes, Marx, Nietzsche, etc. FIB4.3.1. Explica e compara dúas das grandes cosmovisións do Universo: o paradigma organicista aristotélico e o modelo mecanicista newtoniano. FIB4.3.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos e científicos como cosmovisión, paradigma, Universo, natureza, finalismo, organicismo, determinismo, orde, causalidade, conservación, principio, mecanicismo, materia, relatividade, cuántica, espacio, tempo, azar, determinismo, indeterminismo, probabilidad, gaia e caos, entre otros FIB4.5.1. Analiza textos filosóficos y científicos, clásicos y contemporáneos, que aborden las mismas problemáticas, e investigar la vigencia de las ideas expuestas. FIB4.5.2. Reflexiona sobre las implicaciones filosóficas que afectan a la visión del ser humano en cada cosmovisión filosófico-científica estudiada, y argumenta sus propias ideas de manera razonada y creativa.	CCA CCEC CC CMCCT CD

UNIDADE 7. O HOME DENDE A FILOSOFÍA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b c d e g h i	<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia: antropoloxía filosófica. - Implicacións filosóficas da evolución. - Filosofía e bioloxía - A dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construcción da identidade propia humana. 	<p>B5.1. Recoñecer en que consiste a antropoloxía filosófica.</p> <p>B5.2. Coñecer e explicar as implicacións filosóficas da evolución, en relación cos contidos metafísicos e cos/coas pensadores/as xa estudiados/as.</p> <p>B5.3. Recoñecer e reflexionar, de maneira argumentada, sobre a interacción dialéctica entre o componente natural e o cultural que caracterizan o ser humano como tal, sendo o culturalmente adquirido condición para a innovación e a creatividade da especie.</p> <p>B5.4. Valorar os coñecementos adquiridos nesta unidade, rexeitando os prexuízos tanto etnocéntricos como por motivos físicos, e tamén as actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.</p>	<p>FIB5.1.1. Utilizar con rigor vocabulario específico da temática, como evolución, dialéctica, proceso, progreso, emerxencia, azar, selección natural, apto, reducionismo, creacionismo, evolución cultural, vitalismo, determinismo xenético, natureza e cultura.</p> <p>FIB5.2.1. Coñece e explica as consideracións filosóficas implicadas na teoría da evolución, como a consideración dinámica e dialéctica da vida ou o indeterminismo, entre outras.</p> <p>FIB5.2.2. Analiza fragmentos breves e significativos de E. Morin, K. Popper, R. Dawkins, J. Mosterín, A. Gehlen, M. Harris ou M. Ponty, entre outros.</p> <p>FIB5.3.2. Diserta sobre o ser humano en tanto que resultado da dialéctica evolutiva entre o xeneticamente innato e o culturalmente adquirido, condición para a innovación e a capacidade creativa que caracterizan a nosa especie.</p> <p>FIB5.4.1. Argumenta con coherencia, baseándose nos datos obxectivos aprendidos, sobre as implicacións de adoptar prexuízos etnocéntricos para xulgar os seres humanos e as culturas.</p>	CCL CMCC T CCEC CSC CSIEE CD

UNIDADE 8. O HOME DENDE A FILOSOFÍA: PERSPECTIVAS ANTROPOLÓXICAS

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e h	Visión grega. Heroe homérico: concepto socrático. Dualismo platónico. Animal racional e político aristotélico. Materialismo e individualismo helenista	B5.5. Coñecer e reflexionar sobre as concepcións filosóficas sobre o ser humano como tal que se viñeron dando ao longo da filosofía occidental, comparando semellanzas e diferenzas entre as sucesivas formulacións, analizando criticamente	<p>FIB5.5.1. Contrastá e relaciona as principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente sobre o ser humano.</p> <p>FIB5.5.2. Analiza de xeito crítico textos significativos e breves dos grandes pensadores.</p>	CCL CMCC T CCEC

	<p>Pensamiento medieval: creación á imaxe divina; nova concepción do corpo e da alma, da morte e da liberdade.</p> <p>Renacemento: antropocentrismo e humanismo</p> <p>Modernidade e século XIX: razón, emocions e liberdade</p> <p>O ser humano na filosofía contemporanea</p> <p>Visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e induísmo</p> <p>Algunhas claves sobre o sentido da existencia humana.</p> <p>Cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia e a necesidade de transcendencia.</p> <p>Teorías filosóficas sobre a relación mente-corpo .</p>	<p>a influencia do contexto sociocultural na concepción filosófica, e valorando algunas formulacións diverxentes que abriron camiño cara á consideración actual da persoa.</p> <p>B5.6. Comparar a visión filosófica occidental do ser humano coa visión filosófica oriental, o budismo, o taoísmo e o hinduísmo, e argumentar as opinións propias sobre semellanzas e diferenzas.</p> <p>B5.8. Coñecer algunas teorías filosóficas occidentais sobre o corpo humano, e reflexionar de xeito colaborativo e argumentar acerca dos puntos de vista propios.</p>	<p>FIB5.3. Usa con rigor termos como dualismo e monismo antropolóxico, areté, mente, corpo, espírito, creacionismo, atropocentrismo, teocentrismo, alma, humanismo, persoa, dignidade, sentido, estado da natureza, civilización, existencia, liberdade, emoción, paixón, determinismo, alienación, nihilismo, existencia, inconsciente, norte, historia ou transcendencia, entre otros.</p> <p>FIB5.8.1. Coñece as teorías filosóficas da relación entre mente e corpo (monismo, dualismo e emergentismo), e argumenta sobre esas teorías comparando semellanzas e diferenzas, de forma colaborativa.</p> <p>FIB5.7.1. Diserta, de xeito oral e escrito, sobre as grandes cuestións metafísicas que lle dan sentido á existencia humana.</p>	
--	--	--	---	--

UNIDADE 9. RACIONALIDADE PRÁCTICA: A ÉTICA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e h	<p>Racionalidade teórica e práctica</p> <p>Orixé da ética occidental: Sócrates & Sofistas</p> <p>A ética como reflexión sobre a acción moral: carácter, conciencia e madureza moral</p> <p>Principais teorías sobre a moral humana.</p> <p>Procura da felicidade</p> <p>A boa vontade: Kant</p> <p>A xustiza como virtude ético-política</p>	<p>B6.1. Identificar a especificidade da razón na súa dimensión práctica, en tanto que orientadora da acción humana.</p> <p>B6.2. Recoñecer o obxecto e función da ética.</p> <p>B6.3. Coñecer e explicar as principais teorías éticas sobre a xustiza e a felicidade, e sobre o desenvolvemento moral.</p>	<p>FIB6.1.1. Recoñece a función da rationalidade práctica para dirixir a acción humana, aínda recoñecendo os seus vínculos ineludibles coa razón teórica e a intelixencia emocional.</p> <p>FIB6.1.2. Explica a orixe da ética occidental no pensamento grego, contrastando, de forma razonada, a concepción socrática coa dos sofistas</p> <p>FIB6.2.1. Explica e razoa acerca do obxecto e a función da ética.</p> <p>FIB6.3.1. Expresa de xeito crítico as argumentacións das principais teorías éticas sobre a felicidade, a virtude e a xustiza razonando as túas propias ideas, e achega exemplos do seu cumprimento e do seu incumprimento.</p>	CSC CSIEE CCEC CCL

	Relativismo e universalismo moral	FIB6.3.3. Analiza textos breves dalgúns dos filósofos representantes das principais teorizacions éticas e sobre o desenvolvemento psicolóxico moral do individuo. FIB6.3.4. Usa con rigor termos como ética, moral, acción moral, autonomía, responsabilidade, convención moral, madureza moral, virtude moral, subxectivismo, relativismo e universalismo moral, utilitarismo, deber moral, ética de máximos, ética de mínimos, consenso, xustiza, eudemonismo, hedonismo, emotivismo e utilitarismo	
--	-----------------------------------	--	--

UNIDADE 10. RACIONALIDADE PRÁCTICA: A POLÍTICA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e h	Fundamentos filosóficos do Estado Principais interrogantes da filosofía política A xustiza segundo Platón O convencionalismo dos Sofistas Realismo político: Maquiavelo Contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau A paz perpetua de Kant Fundamentos filosóficos do capitalismo no século XIX. J. S. Mill. Alienación e ideoloxía segundo Marx. Disputa política entre Popper e a Escola de Frankfurt Función do pensamento utópico Legalidade e lexitimidade	B6.4. Explicar a función, as características e os principais interrogantes da filosofía política, como a orixe e a lexitimidade do Estado, as relacións entre o individuo e o Estado ou a natureza das leis. B6.5. Coñecer as teorías e os conceptos filosóficos principais que estiveron na base da construción da idea de Estado e das súas función, apreciando o papel da filosofía como reflexión crítica. B6.6. Disertar de xeito oral e escrito sobre a utilidade do pensamento utópico, analizando e valorando a súa función, para propor posibilidades alternativas, proxectar ideas innovadoras e avaliar o xa experimentado. B6.7. Distinguir os conceptos de legalidade e lexitimidade.	FIB6.4.1. Identifica a función, as características e os principais interrogantes da filosofía política. FIB6.4.2. Utiliza con rigor conceptos como democracia, Estado, xustiza, dereito, dereitos naturais, Estado democrático e de dereito, legalidade, lexitimidade, convención, contractualismo, alienación, ideoloxía, utopía, entre outros conceptos clave da filosofía política FIB6.5.1. Explica de xeito coerente as formulacións filosóficopolíticas de Platón, os sofistas, Maquiavelo, Locke, Rousseau, Hobbes, Kant, J.S. Mill, Popper ou Habermas, entre outros. FIB6.5.2. Analiza e reflexiona sobre a relación entre individuo e Estado, sobre a base do pensamento dos sofistas, Marx e a escola de Frankfurt. FIB6.5.3. Analiza de xeito crítico textos significativos e breves dalgúns dos autores estudiados, nos que se argumente sobre o concepto de Estado, os seus elementos e as súas características. FIB6.7.1. Describe e compara os conceptos de legalidade e lexitimidade FIB6.5.4. Valora e utiliza a capacidade argumentativa, de forma oral e escrita, contra a arbitrariedade, o autoritarismo e a violencia.	CSC CCEC CCL

			FIB6.6.1. Reflexiona por escrito sobre as posibilidades do pensamento utópico, e argumenta as súas propias ideas.	
--	--	--	---	--

UNIDADE 11. A DIMENSIÓN ESTÉTICA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e h n p	<p>Capacidade simbólica. E. Cassirer</p> <p>Creatividade. H. Poincaré</p> <p>Estética filosófica: función e características</p> <p>A arte como instrumento de comprensión e expresión simbólica da realidade</p> <p>A estética filosófica e a capacidade simbólica do ser humano. A realidade dende a arte, a literatura e a música.</p> <p>Relación da arte coa ética, co coñecemento e coa técnica</p> <p>Sentimento, experiencia e xuízo estético. Beleza.</p> <p>Creación artística e sociedade. Abstracción artística e pensamento metafísico. A arte como xustificación ou como crítica da realidade.</p> <p>Filosofía e arte. Filosofía e literatura. Filosofía e música</p>	<p>B6.8. Recoñecer a capacidade simbólica como elemento distintivo da especie humana.</p> <p>B6.9. Coñecer o campo da estética, reflexionando sobre as contribucións filosóficas realizadas por tres das construcións simbólicas culturais fundamentais.</p> <p>B6.10. Relacionar a creación artística con outros campos como o da ética, o coñecemento e a técnica</p> <p>B6.11. Analizar textos en que se comprenda o valor da arte, a literatura e a música como vehículos de transmisión do pensamiento filosófico.</p> <p>B6.12. Reflexionar por escrito sobre algunha das temáticas significativas estudiadas, argumentando as propias posicións, e ampliar en internet a información aprendida.</p>	<p>FIB6.8.1. Explica as teses fundamentais de E. Cassirer sobre a capacidade simbólica humana, e as de H. Poincaré sobre o proceso creativo.</p> <p>FIB6.9.1. Comprende e usa conceptos como estética, creatividade, creación, símbolo, signo, arte, experiencia estética, mímese, beleza, gusto, subxectividade, xuízo estético e vanguarda.</p> <p>FIB6.9.2. Contrasta e relaciona algunas construcións simbólicas fundamentais no contexto da cultura occidental.</p> <p>FIB6.10.1. Diserta sobre a relación e a posibilidade transformadora da realidade humana, a creación artística, a ciencia e a ética.</p> <p>FIB6.11.2./ FIB6.11.3. Entende o valor filosófico da literatura ou da música a través de textos breves de literatos e filósofos como Platón, Sartre, Machado, Borges, etc., entre outros e os análisis sobre a música de pensadores como Schopenhauer, Nietzsche ou Adorno, entre outros.</p> <p>FIB6.12.1. Diserta de xeito claro e coherente sobre o valor das artes para transmitir ideas filosóficas, e procura e selecciona información en internet que amplíe o xa aprendido.</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CD</p>

UNIDADE 12. FILOSOFÍA E EMPRESA COMO PROXECTO RACIONAL

Obxectivos da materia	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c d e h n p	<p>A filosofía e a empresa como proxecto racional</p> <p>O modo metafísico de preguntar para deseñar un proxecto vital e de empresa</p> <p>Os procesos de cuestionamento e a importancia de definición de obxectivos</p> <p>Proceso de análise racional dun sistema, dos elementos que o integran e da orde racional que subxace á estructura lóxica dun proxecto, vital e empresarial.</p> <p>Importancia do diálogo e da defensa argumentativa de proxectos, fins e medios.</p> <p>Importancia da ética para establecer o sistema de valores no traballo</p> <p>Razón crítica entanto que reguladora da acción humana</p>	<p>B6.17. Coñecer as posibilidades da filosofía na creación dun proxecto, en xeral, e no ámbito empresarial en particular, e valorar o seu papel potenciador da análise, a reflexión e o diálogo.</p> <p>B6.18. Comprender a importancia do modo de "preguntar radical" da metafísica para proxectar unha idea ou un proxecto vital ou empresarial, facilitando os procesos de cuestionamento e definición das preguntas radicais e as respuestas a estas.</p> <p>B6.19. / B6.20/ B6.21/ B6.22 Valorar o coñecemento, a lóxica, a razón crítica, o diálogo, a argumentación, a retórica, a estética e a ética como ferramentas útiles na creación e desenvolvemento dun proxecto empresarial ou unha iniciativa emprendedora.</p> <p>B6.23. Coñecer e valorar a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo</p>	<p>FIB6.17.1. Utiliza conceptos con sentido filosófico e aplícaos ao contexto empresarial: principios, saber, orde lóxica, finalidade, demostración, razonamiento, inducción, dedución, argumentación, sentido, significado, creatividade, diálogo, obxectivo/subxectivo, emocions, globalidade e valor, entre outros.</p> <p>FIB6.18.1. Formula correctamente os interrogantes filosóficos radicais que deben estar na base da creación dun proxecto, tanto vital como laboral, como "que son?", "que fago?", "por que?", "para que?", "cal é o seu obxectivo?", "cal é o seu sentido, a súa razón de ser?", etc., e saber argumentar a defensa das respostas.</p> <p>FIB6.19.1. Deseña un proxecto vital ou empresarial, sobre a base da filosofía, valorando a íntima relación entre os pensamentos e as accións, entre a razón e as emocions, a través do diálogo, da argumentación e a linguaxe filosófica</p> <p>FIB6.21.1. Valora a posibilidade de crear tarefas innovadoras, valorando a función e a importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construcción e o avance dunha cultura, e a transformación da realidade.</p> <p>FIB6.22.1./ FIB6.22.2./ FIB6.23.1. Valora a innovación e as persoas innovadoras como motor da renovación da realidade. Recoñece os valores éticos que deben rexer o traballo. Valora a importancia do traballo como realización do home.</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CD</p>

2.3.2 TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1^a AVALIACIÓN

1^a QUINCENA

UNIDADE 1. O SABER FILOSÓFICO.

- Filosofía: sentido, necesidade e historia
- Saber racional. Explicación preracional: mito e maxia. Explicación racional: razón e sentidos.
- Funcións e vixencia da filosofía
- Racionalidade teórica e práctica
- Características da filosofía.

2^a QUINCENA

UNIDADE 2. A FILOSOFÍA ATRAVÉS DA HISTORIA

- O saber filosófico a través da súa historia
- A filosofía na Idade Antiga
- A filosofía na Idade Media
- A filosofía na Idade Moderna
- A filosofía Contemporánea

3^a QUINCENA

UNIDADE 3. O PROBLEMA DO COÑECIMENTO

- Teoría do coñecemento
- Graos e ferramentas do coñecemento
- Problemas implicados no coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional.
- O problema filosófico do coñecemento.
- A verdade como propiedade das cousas. A verdade como propiedade do entendemento: coherencia e adecuación.
- Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade.

4^a QUINCENA

UNIDADE 4. A RACIONALIDADE CIENTÍFICA

- Filosofía, ciencia e tecnología. Filosofía da ciencia
- Objetivos e instrumentos da ciencia
- Método hipotético-deductivo
- Investigación científica na modernidad e na época contemporanea.
- Técnica e tecnología: saber e praxe
- Reflexiones filosóficas sobre o desenvolvimento científico e tecnológico: O problema da inducción.
- Visión aristotélica do quefacer científico
- Relación entre filosofía e ciencia.

2^a AVALIACIÓN

5^a QUINCENA

UNIDADE 5. O COÑECIMENTO: A ESTRUCTURA LÓXICA

- Retórica, argumentación e lógica
- Importancia da súa comunicación e a súa relación coa linguaxe
- A lógica proposicional
- Retórica e composición do discurso
- Argumentación: reglas e ferramentas do diálogo e a demostración de argumentos
- Filosofía da linguaxe: o problema filosófico dos concepto universais e o erro argumentativo da xeneralización apresurada

6^a QUINCENA

UNIDADE 6. A REALIDADE: METAFÍSICA E COSMOVISIÓN

- A metafísica como explicación teórica da realidad
- Pregunta polo ser como punto de partida da filosofía. Platón & Aristóteles
- Interrogación metafísica sobre a verdadeira realidad: problema da apariencia e a realidad.
- Pregunta pola orixe e estructura do real

- Caracterización da realidade: cambio ou permanencia. Substancialismo estático & devir.
- Necesidade de categorizar racionalmente o real.
- Cosmovisións científicas sobre o universo. A filosofía da natureza como admiración filosófica pola natureza.
- Paradigma organicista: universo aristotélico
- Universo máquina: visión mecanicista na modernidade. Supostos empistemolóxicos do modelo heliocéntrico: procura das leis universais dun universo infinito. Determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade.
- Visión contemporanea do universo
- Reencontro da filosofía e a física na teoría do caos.

7ª QUINCENA

UNIDADE 7. O HOME DENDE A FILOSOFÍA

- A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia: antropoloxía filosófica.
- Implicacións filosóficas da evolución. Filosofía e bioloxía
- A dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construcción da identidade propia humana.

8ª QUINCENA

UNIDADE 8. O HOME DENDE A FILOSOFÍA: PERSPECTIVAS ANTROPOLÓXICAS

- Visión grega. Heroe homérico: concepto socrático. Dualismo platónico. Animal racional e político aristotélico. Materialismo e individualismo helenista
- Pensamiento medieval: creación á imaxe divina; nova concepción do corpo e da alma, da morte e da liberdade.
- Renacemento: antropocentrísmo e humanismo
- Modernidade e século XIX: razón, emocións e liberdade
- O ser humano na filosofía contemporanea
- Visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e induísmo
- Algunhas claves sobre o sentido da existencia humana.
- Cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia e a necesidade de transcendencia.

- Reflexión filosófica sobre o corpo.
- Teorías filosóficas sobre a relación mente e corpo.

3ª AVALIACIÓN

9ª QUINCENA

UNIDADE 9. RACIONALIDADE PRÁCTICA: A ÉTICA

- Racionalidade teórica e práctica
- Orixes da ética occidental: Sócrates & Sofistas
- A ética como reflexión sobre a acción moral: carácter, conciencia e madureza moral
- Principais teorías sobre a moral humana.
- Procura da felicidade
- A boa vontade: Kant
- A xustiza como virtude ético-política
- Relativismo e universalismo moral

10ª QUINCENA

UNIDADE 10. RACIONALIDADE PRÁCTICA: A POLÍTICA

- Fundamentos filosóficos do Estado
- Principais interrogantes da filosofía política
- A xustiza segundo Platón
- O convencionalismo dos Sofistas
- Realismo político: Maquiavelo
- Contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau e Montesquieu
- A paz perpetua de Kant
- Fundamentos filosóficos do capitalismo no século XIX. J. S. Mill. Alienación e ideoloxía segundo Marx.
- Disputa política entre Popper e a Escola de Frankfurt
- Función do pensamento utópico
- Legalidade e lexitimidade

11ª QUINCENA**UNIDADE 11. A DIMENSIÓN ESTÉTICA**

- Capacidad simbólica. E. Cassirer
- Creatividade. H. Poincaré
- Estética filosófica: función e características
- A arte como instrumento de comprensión e expresión simbólica da realidade
- A estética filosófica e a capacidade simbólica do ser humano. A realidade dende a arte, a literatura e a música.
- Relación da arte coa ética, co coñecemento e coa técnica
- Sentimento, experiencia e xuízo estético. Beleza. Creación artística e sociedade. Abstracción artística e pensamento metafísico. A arte como xustificación ou como crítica da realidade.
- Filosofía e arte. Filosofía e literatura. Filosofía e música

12ª QUINCENA**UNIDADE 12. FILOSOFÍA E EMPRESA COMO PROXECTO RACIONAL**

- A filosofía e a empresa como proxecto racional
- O modo metafísico de preguntar para deseñar un proxecto vital e de empresa
- Os procesos de cuestionamento e a importancia de definición de obxectivos
- Proceso de análise racional dun sistema, dos elementos que o integran e da orde racional que subxace á estructura lóxica dun proxecto, vital e empresarial.
- Importancia do diálogo e da defensa argumentativa de proxectos, fins e medios.
- Importancia da ética para establecer o sistema de valores no traballo
- Razón crítica entanto que reguladora da acción humana

2.4 METODOLOXÍA

Coa presente programación didáctica pretendemos que o alumnado consiga un acceso sensato e eficaz aos contidos da materia. A esta finalidade deberá supeditarse á metodoloxía co fin de que o alumnado asimile adecuadamente a información dos contidos especificados para cada bloque e unidad.

2.4.1. Particularidades do ensino a distancia.

Neste modelo educativo non se imparten clases presenciais. Os alumnos descargan os contidos das materias na aula virtual e a preparación das mesmas é autodidacta. A labor do profesorado consiste en orientar e aclarar os materiais de dita aula. A tarefa de orientación lévase a cabo mediante gravacións das sesións de tutoría presencial ou mediante vídeos de pantalla. Nas sesións de tutoría presencial o profesorado atende as dúbihdas que poidan plantexar o alumnado.

Por outra banda, o profesor permanece no centro durante unhas horas de tutoría telemática nas que o alumno pode chamar por teléfono, mandar un correo ou presentarse persoalmente ó profesor, para resolver aquellas dúbihdas que poidan presentárselle.

Actividades prácticas do alumnado

As actividades prácticas para que o alumnado consiga a asimilación dos contidos serán unha das bases do desenvolvemento metodolóxico.

Exercicios autoavaliables, exercicos para enviar o titor e cuestionarios interactivos.

Os exercicios autoavaliables: consisten nunha serie de exercicos vinculados a cada unidade e coa solución dos mesmos no final da folla de exercicios. Desta maneira o alumno poder comprobar por si mesmo o dominio dos contidos de cada unidade. Estes exercicios non serán computables para a nota das avaliaciós.

Cuestinonarios interactivos: consisten nun taboa de preguntas e respuestas tipo test na que alumno, unha vez rematada a taboa, pode comprobar o indice de acertos e errores. A súa función é reforzar os coñecementos da unidade. Non ten valor de cara a nota do trimestre.

Exercicos para enviar ó titor: estes exercicios deben ser enviados polo alumno o profesor-titor de cada materia para ser corregidos e avaliados. Estes exercicios para enviar o titor son valorados para cuantificar na nota da avaliação correspondente cun máximo do dez por cento da nota de cada trimestre.

2.4.2. Materiais e recursos didácticos.

O recurso didáctico mais importante nesta modalidade de educación a distancia serán as guías da materia. Estas consiten nunha serie de documentos que o alumno pode descargar libremente e nos que figuran: contidos, exercicios, axenda, obxectivos, etc.correspondentes a cada quincena ou unidade da materia.

Ademais destes documentos os alumnos dispoñen dun apartado de apuntamentos onde o profesor colga videos, indicacións sobre a materia ou enlaces a páxinas web que poden ser de interés para o alumno.

Os alumnos tamén dispoñen dunha conta de correo electrónico a través da cal poden consultar co profesor calquera cuestión que consideren oportuna.

2.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

2.5.1. CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN NO ENSINO A DISTANCIA.

O departamento avaliará e cualificará por trimestre sen diferenzar as unidades que os compoñen (catro unidades) e seguindo sempre este criterio para cada trimestre.

A hora de establecer uns criterios de evaluación e cualificación non debemos olvidar o modelo educativo. No bacharelato a distancia o alumnado ten moi pouco contacto co profesorado, dado que todo o material necesario para o estudio teno ó seu alcance na plataforma educativa. Por outra banda o alumnado maior de idade, está repartido por toda Galicia e unha parte importante ten algunha actividade laboral que lle impide desprazarse ó centro ou asistir ó centro para facer consultas. E ainda que dispoñen da posibilidade de titorías por vídeo conferencia, praticamente non fan uso delas. Desta maneira o único criterio posible de evaluación so pode ser **o exame trimestral.**

2.5.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O Departamento aplicará os seguintes criterios de cualificación (CC):

CC1: Cualificarse por evaluaciones. A cualificación de cada evaluación será o resultado da cualificación do único examen escrito que se desenvolverá no trimestre correspondiente.

CC2: Cada evaluación tendrá una cualificación segundo los resultados de una prueba escrita que constará de dos apartados:

- Un texto filosófico con preguntas dirigidas, que tiene como fin que el alumnado demuestre que comprende un texto filosófico y que es capaz de explicar las ideas que allí se formulan. Valerá 2 puntos.
- Cuatro cuestiones breves sobre los contenidos de las quincenas de cada evaluación (2 puntos cada cuestión).

CC3: La cualificación final en la materia será el resultado de la media aritmética de las cualificaciones de los tres bloques dividida entre el entero más próximo. Es decir si un/ha alumno/a tiene un 4,4 de media, la nota en el boletín sería un 4, se tuviera un 4,5 subiría a un 5.

CC3.1: En todas las evaluaciones las cualificaciones que superen en cinco décimas calquera número entero redondearse al entero superior. Repito un 5,5 será un 6 en el boletín de notas.

CC4: La materia considerase superada cuando en la evaluación ordinaria final el alumnado obtenga por lo menos el 50% de la puntuación ofrecida por los procedimientos de evaluación desarrollados durante el curso, siempre que en ningún bloque obtuviera menos del 40% de la puntuación total del bloque.

CC5 (prueba de recuperación final): En caso de no cumplir con CC4, el alumnado tendrá la posibilidad de presentarse a una prueba de recuperación final. Esta prueba se realizará los últimos días lectivos del curso. La prueba incluirá cuestiones similares a las usadas durante el curso en las pruebas recogidas por los procedimientos de evaluación, y su estructura se pondrá en conocimiento del alumnado con una semana de antelación. La prueba de recuperación final presentará tres partes estructurales atendiendo a lo que se debe recuperar un, dos o los tres bloques.

CC5.1: En la prueba de recuperación final se recuperarán todos los bloques para los que la puntuación ofrecida por los procedimientos de evaluación desarrollados durante el curso no sea inferior al 40% de la puntuación máxima de cada bloque.

CC5.2: Si se consigue el 45% de la puntuación total ofrecida por los procedimientos de evaluación desarrollados durante el curso y algún bloque tiene una puntuación inferior al 40%, se recuperará sólo ese bloque.

CC5.3: Si en la prueba final no se consigue el 45% de la puntuación total ofrecida por los procedimientos de evaluación desarrollados durante el curso deberá recuperarse todos los bloques en la prueba extraordinaria de junio.

CC5.4: La cualificación final del alumnado que haga esta prueba final de recuperación obtendrá usando las cualificaciones de la prueba de recuperación en sustitución de las cualificaciones de los bloques recuperados para hacer una nueva media. Atendiendo a esto, el alumnado que lo desee podrá no hacer la recuperación de algún bloque, siempre que la nota previa dese boloque no sea

inferior ó 40%, e a media dos tres bloques non baixe do 45% da nota máxima que se pode obter cos tres bloques.

Proba extraordinaria de Xuño

A proba extraordinaria de xuño incluirá cuestiós teóricas ou prácticas, semellantes ás usadas durante o curso e a súa estrutura poñerase en coñecemento do alumnado ao final do curso ordinario.

Superará a materia o alumnado que consiga o 45% da puntuación ofrecida na proba.

2.6 MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE e ACTIVIDADES DE REFORZO.

Dadas as especias características desta modalidade educativa, con alumnado maior de idade e nunha parte importante con unha actividade laboral ou outros estudos paralelos, prestaremos unha especial atención as medidas que sexa necesario implementar para facilitar o alumnado acadar unha avaliación satisfactoria do curso.

Debemos ter presente que nesta modalidade educativa o profesorado non podemos facer ningunha valoración do alumnado hasta que fan o primeiro exercicio de exame, sendo este o único elemento de xuízo para valorar as dificultades que poida ter un alumno en acadar os obxectivos da materia. O Departamento prestará a atención necesaria a aqueles alumnos que comuniquen unha especial dificultade para superar a materia e establecerá as medidas correctoras necesarias para favorecer a consecución dos obxectivos da materia.

2.7 ELEMENTOS de EDUCACIÓN TRANVERSAL

Recollemos e asumimos o que no Decreto 86/2015 se di sobre os elementos transversais:

No currículo de Filosofía abórdanse varios dos elementos transversais de etapa, os que atinxen basicamente ao espírito emprendedor e ao estudio dos proxectos empresariais, e á influencia que poden ter neles as achegas das ramas da filosofía. Na materia de Filosofía, todas estas esixencias están agrupadas en varios bloques temáticos: a especificidade do saber filosófico, o coñecemento humano, a pregunta pola realidade, a condición humana e a racionalidade práctica. A través destes bloques o alumnado coñecerá os interrogantes, os conceptos, as formulacións e as

respostas da filosofía aos grandes problemas do saber, o coñecemento, a ciencia, a realidade, a natureza, o ser humano, a acción, a arte, o discurso e a innovación. Os contidos relacionados coa epistemoloxía, a filosofía da ciencia e da natureza, e a metafísica permiten afondar no coñecemento que o alumnado ten do seu contorno e da súa relación con el. O alumnado desenvolve a competencia para interpretar sucesos, avaliar o seu impacto, localizar as súas causas, anticipar e prever as consecuencias, analizar os factores capaces de transformar a realidade. Así mesmo, invitan o alumnado a exercer o pensamento metódico (na ciencia, na ontoloxía e na metafísica) con rigor e precisión. Os contidos de antropoloxía, ética e filosofía política dan luz sobre a realidade individual, social e cultural; estimulan a autocomprensión e o autocoñecemento, espertan a capacidade de argumentación moral e política, desenvolven a conciencia normativa e a empatía moral, fomentan o respecto polos dereitos humanos, invitan á participación activa na vida democrática. Os contidos de filosofía da linguaxe, lóxica, retórica e argumentación serven para educar a interpretación, a expresión, a formulación e a exposición do propio pensamento e do alleo en contextos comunicativos variados (deliberación, negociación, investigación, diálogo, controversia, discusión crítica e conversa informal), empregando con eficacia o razonamento lóxico e respectando as máxima que rexen a conduta racional comunicativa. Os contidos de estética proxectan o alumnado a comprender, apreciar e valorar con espírito crítico reflexivo, actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas. A finalidade é apropiarse criticamente dun conxunto de criterios estéticos para estimar o valor da produción cultural e artística e, chegado o caso, producir obras artísticas innovadoras con contido filosófico.

2.9 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA

Os mecanismos que o Departamento contempla para a modificación da programación didáctica en función dos resultados e procesos de mellora estarán enfocados a tres aspectos esenciais:

1. Temporalización e secuenciación de contidos.
2. Cantidade e efectividade dos procedementos de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
3. Materiais e recursos didácticos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA
MATERIA
HISTORIA DA FILOSOFÍA
SEGUNDO DE BACHARELATO

3. HISTORIA DA FILOSOFÍA

3.1. REFERENCIA CURSO-ÁREA

De acordo á Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 120 do luns, 29 de xuño de 2015), o Departamento de Filosofía presenta a programación didáctica da materia «Historia da filosofía» como materia de opción do bloque de materias troncais para 2º de bacharelato na modalidade de humanidades e ciencias sociais.

3.2. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Introducción

Presentamos esta programación didáctica como herdeira da materia do mesmo nome que se impartía como materia troncal obligatoria en todas as modalidades do bacharelato.

Un dos cambios que introduce a LOMCE e a incorporación dalgúns filósofos: G.Ockham, J.J. Rousseau, Schopenhauer e Habermas da Escola de Franfurth.

Outro cambio significativo é que a materia pasa de ser obligatoria en calquera modalidade a ser optativa nunha soa modalidade. Sen entrar noutras consideracións sobre a oportunidade e idoneidade deste cambio respecto á formación do alumnado, cremos que o paso da obligatoriedade á optionalidade de cursar a materia contribúe á formación de grupos menos numeroso de alumnos e más motivados, aspectos os dous que deberían tamén incidir positivamente no desenvolvemento da materia.

Polo demais a «Historia da filosofía» preséntase como unha materia que pretende dar sentido e continuidade ás materias de «Filosofía» tanto en 4º da ESO como en 1º de bacharelato, algo no mellor dos casos difícil dado que só a de 1º de bacharelato é obligatoria. En calquera caso, o obxectivo será contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado de bacharelato, entendendo que reflexionarán sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións a través das da cultura que os envolve e forma.

A «Historia da filosofía» non debe ser só un percorrido cronolóxico polas ideas do pensamento occidental senón un intento de achegamento aos esforzos do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano. Entendémolo como un diálogo, desigual, pero diálogo, con autores que construíron esencialmente a mentalidade da cultura e das épocas históricas das que somos herdeiros.

Contextualización

O I.E.S San Clemente está situado no centro de Santiago, na rúa do mesmo nome e pegado a un centro de referencia en Santiago como é o IES Rosalia de Castro.

Este centro é o único centro de educación a distancia de Galicia. A súa oferta educativa vai desde a ESA (Educación secundaria de adultos) ó BACHARELATO a distancia, ciclos superiores de informática presenciais e a distancia e aula MENTOR.

Nos últimos anos a matrícula media de alumnos na materia de historia da filosofía andaba entre setecentos e novecentos alumnos. Este ano ó ser optativa de modalidade a matrícula non supera o cento de alumnos.

Outro aspecto singular deste centro é o réxime de educación a distancia, o que fai que moitos dos procedementos e instrumentos de avaliación non se axusten os estándares da educación presencial. A maioría do alumnado está repartido por toda a xeografía galega o cual fai praticamente imposible a súa asistencia ás titorías presenciais. Deste xeito, o único criterio de avaliación é o exame que alumno realiza ó remate de cada avaliación.

Como no curso anterior, o Departamento de Filosofía e as súas materias, estará dirixido polo profesor Manuel Mira Martínez, xefe de departamento, e que se fará cargo das materias de primeiro de bacharelato: Filosofía e E. Física e tamén impartirá a materia de H^a da Filosofía de 2º de bacharelato.

Características específicas do ensino a distancia.

Cómpre salientar, en primeiro lugar, a **especificidade do tipo de alumnado** das nosas ensinanzas: adultos/as, traballadores/as, deportistas profesionais, persoas que combinan diversos tipos de estudos (p.e. ensinanzas musicais ou artísticas) e tamén alumnado que abandonou no seu momento o bacharelato e deseja continuar de novo coa súa formación académica.

Estas circunstancias obrígannos a adaptar dunha forma axeitada o currículo e a metodoloxía, como se reflectirá no desenvolvemento desta programación.

En segundo lugar, o noso sistema educativo a distancia presenta unhas **características metodolóxicas propias** que combinan as gravacións das clases que se publican na plataforma, coa atención constante dende a aula virtual, foros, correo electrónico, vídeo conferencia ou vía telefónica. En calquera caso, preténdese orientar, formar e facer labores de seguimento na aprendizaxe do alumnado.

A característica diferencial mais importante con respecto ó ensino presencial é o non coñecer persoalmente o alumnado, dado que a inmensa maioría do alumnado non pode vir ó centro, nin para consultar calquera dúbida nas horas de titoría, e moi poucos se poñen en contacto co profesor da materia. A súa actividade académica limitase nunha porcentaxe elevada do alumnado a descargar os contidos das guías da materia correspondente e preparar os exames pola súa conta. É por isto que neste modelo educativo a tarefa do profesor orientarse fundamentalmente a proporcionar ó alumno os materiais necesarios para a preparación da materia. Isto inclúe os documentos e exercicios auto avaliables das guías, vídeos de pantalla, gravación de titorías e comunicacións por teléfono, videoconferencia ou vía e-mail nas que se lle resolven as posibles dificultades que poida atopar.

3.3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o esencial do indicado no Decreto 86/2015, presentamos aquí a contribución xeral da materia «Historia da filosofía» ao desenvolvemento das competencias clave do currículo. Ordenámolas de maior a menor presenza nos estándares da materia:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL). A materia permite mellorar no alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro, escrito e oral, como o diálogo frutífero coas demais persoas a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, etc.
- Competencias sociais e cívicas (CSC). A materia incide neste tipo de competencias ao presentar constantes cuestionamentos sobre o papel social do ser humano, e ao amosar as reflexións filosóficas sobranceiras sobre a vida social e política, entre as que se inclúe o nacemento e desenvolvemento do civismo e do papel democrático do cidadán.
- Competencia de aprender a aprender (CAA). Maniféstase na obriga intrínseca da materia a que o alumnado sexa quen de aprender por si mesmo, pedindo reflexión, aprendizaxe en equipo, comprensión, explicacións, etc.
- Conciencia e expresións culturais (CCEC). A materia obriga a coñecer as expresións culturais que nos fan ser o que somos e a reflexionar sobre a conciencia desas expresións culturais.
- Competencia dixital (CD). Na metodoloxía da materia fomentaremos no alumnado o uso das novas tecnoloxías baixo as dúas facetas de información e comunicación.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). A materia ten como tema de estudio fundamental a historia e sentido das cosmovisións e teorías científicas e dos avances tecnolóxicos que forman parte da mentalidade da nosa cultura.
- Sentido de iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE). A materia enfócase de xeito esencialmente práctico, polo que motiva á acción, á creación e á toma de iniciativas, desenvolvendo en todos os casos o espírito emprendedor.

Táboa do perfil competencial da materia

Competencias	Número de estándares que se traballan en cada competencia (Total de estándares: 59)	Tanto por cento
CCL	23	35,94 %
CSC	17	26,56 %
CAA	10	15,62 %
CCEC	4	6,25 %
CD	4	6,25 %
CMCCT	4	6,25 %
CSIEE	2	3,13 %

3.4. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

4.1. Relación de contidos da materia

CONTIDOS DA MATERIA	
Bloques oficiais	Bloques e unidades do curso
Bloque I: Filosofía antiga e medieval	
B2.1 a B2.4	Unidade 1: O nacemento da filosofía e o pensamento de Platón
B2.5 a 2.7	Unidade 2: O pensamento de Aristóteles (Demócrito, Aristóteles)
B2.8 a B3.1	Unidade 3: Cristianismo e Filosofía (O helenismo, achegas do cristianismo e Agostiño de Hipona)
B3.2 a B3.4	Unidade 4: Cristianismo e Filosofía (A Escolástica: Sto. Tomé e G. de Ockham)
Bloque II: Filosofía do renacemento e moderna	
B4.1 a 4.4	Unidade 5: Filosofía e Ciencia no Renacemento (F. Bacon, N. Maquiavelo)
B4.5 a B4.6	Unidade 6: Filosofía moderna: O racionalismo (Descartes)
B4.7 a B4.8	Unidade 7: Filosofía moderna: O empirismo (Locke e Hume)
B4.9 a B4.13	Unidade 8: A Filosofía da Ilustración (Rousseau e Kant)
Bloque III: Filosofía contemporánea	
B5.1 e 5.2	Unidade 9: Materialismo e dialéctica (Marx)
B5.3 a B5.5	Unidade 10: O Irracionalismo (Nietzsche e Chopenhauer)
B5.6	Unidade 11: Filosofía española: Ortega y Gasset
B5.7 a B5.10	Unidade 12: As correntes filosóficas do s. XX (Escola de Frankfurt, Posmodernos)

4.2. Estándares en relación coas competencias clave

(segundo a reordenación proposta en 4.1.)

Estándares de aprendizaxe		Competencias clave
Contidos transversais		
HFB1.1.1	Comprende o sentido global dos textos dos autores estudiados, recoñece a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden relacionándoas coas doutros autores ou problemas.	CCL
HFB1.1.2	Analiza as ideas do texto, identifica a conclusión, os conceptos e ideas relevantes, recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.	CAA / CCL
HFB1.1.3	Argumenta a explicación das ideas dos textos, en relación cos autores e temas estudiados.	CAA / CCL
HFB1.2.1	Argumenta as súas propias opinións con claridade e coerencia, oralmente e por escrito.	CCL / CSIEE
HFB1.2.2	Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións e valora a diversidade de ideas.	CSC
HFB1.3.1	Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasífiacos nos núcleos temáticos que organizan a filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política..	CAA
HFB1.3.2	Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e procedementos para a comprensión das teorías, e aplícaos con rigor.	CCL / CAA
HFB1.3.3	Selecciona información de distintas fontes e recoñece a súa fiabilidade.	CD
HFB1.3.4	Realiza redaccións, disertacións, investigacións e proxectos creativos con valoracións persoais dos problemas da historia da filosofía.	CSIEE
HFB1.4.1	Utiliza as ferramentas informáticas e da rede para o desenvolvemento dos traballos.	CD
HFB1.4.2	Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e	CD

	decide os conceptos adecuados.	
HFB1.4.3	Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudiados utilizando as TIC.	CD

Estándares de aprendizaxe		Competencias clave
Bloque I: Filosofía antiga e Medieval		
HFB2.1.1	Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, dualismo, reminiscencia, transmigración, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL
HFB2.1.2	Entende e explica con claridade, na linguaxe oral e na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.	CCL
HFB2.1.3	Distingue as respostas dos presocráticos en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates, o convencionalismo e relativismo dos sofistas, relacionando esas preguntas e respostas coas solucións de Platón.	CAA
HFB2.1.4	Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernanente-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.	CSC
HFB2.2.1	Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, abstracción, alma, felicidade e virtude, entre outros.	CCL
HFB2.2.2	Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética e a política, en comparación coas teorías de Platón.	CCL
HFB2.2.3	Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achegadas por Aristóteles.	CAA
HFB2.2.4	Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.	CMCCT
HFB2.3.1	Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.	CMCCT
HFB3.1.1	Explica o encontro da filosofía e da relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses do pensamento de Agostiño de Hipona.	CCEC
HFB3.2.1	Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva, e outros e aplícaos con rigor.	CCL
HFB3.2.2	Entende e explica con claridade as teorías esenciais de Tomé de Aquino: a relación entre razón e fe, as vías da demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga.	CCL
HFB3.2.3	Distingue as respostas do agostinismo, da filosofía áraba e xudea e do nominalismo, usándoas en relación coas de Tomé de Aquino.	CCA
HFB3.2.4	Valora o esforzó de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral.	CSC
HFB3.3.1	Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada da modernidade.	CCEC

Estándares de aprendizaxe		Competencias clave
Bloque II: Filosofía moderna		
HFB4.1.1	Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.	CMCCT
HFB4.1.2	Explica as ideas ético-políticas fundamentais de Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores.	CSC
HFB4.2.1	Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, «cogito», idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL
HFB4.2.2	Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías esenciais da filosofía de Descartes: o método, a relación coñecemento—realidade, e o dualismo no ser humano, en relación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.	CCL
HFB4.2.3	Identifica os problemas da filosofía moderna en relación coas soluciones cartesianas.	CCEC
HFB4.2.4	Estima e razoa o esforzo de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.	CSC
HFB4.3.1	Utiliza conceptos de Hume como impresións, ideas, escepticismo, experiencia, asociación, hábito, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.	CCL
HFB4.3.2	Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías esenciais de Hume: a relación coñecemento-verdade, a crítica da causalidade e da substancia, e o emotivismo moral, en relación coa filosofía antiga, medieval, e co racionalismo.	CMCCT
HFB4.3.3	Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas políticos da filosofía moderna.	CSC
HFB4.3.4	Valora o esforzo de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.	CSC
HFB4.4.1	Comprende os ideais dos ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	CSC
HFB4.5.1	Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, idea, lei, fenómeno, nómenos, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, entre outros, e úsaos con rigor.	CAA
HFB4.5.2	Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándolas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	CCL
HFB4.5.3	Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas soluciones achegadas por Kant.	CCL
HFB4.5.4	Respecta e razoa o esforzo de Kant por contribuír ao progreso das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre nacións.	CSC

Estándares de aprendizaxe		Competencias clave
Bloque III: Filosofía contemporánea		
HFB5.2.1	Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL
HFB5.2.2	Entende e explica con claridade as teorías esenciais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, o nihilismo e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en relación ás teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.	CCL
HFB5.2.3	Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade, e identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas soluciones achegadas por Nietzsche.	CCEC

HFB5.2.4	Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.	CSC
HFB5.3.1	Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.	CCL
HFB5.3.2	Comprende e explica con claridade as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.	CCL
HFB5.3.3	Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.	CSC
HFB5.1.1*	Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de producción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor.	CSC
HFB5.1.2*	Coñece e explica con claridade as teorías fundamentais da filosofía de Marx: o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, a alienación e a ideoloxía, e a visión humanista do individuo.	CCL
HFB5.1.3*	Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións de Marx.	CSC
HFB5.1.4*	Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais actuais, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.	CSC
HFB5.4.1	Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrucción, cultura e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.	CSC
HFB5.4.2	Entende e explica con claridade as teorías esenciais da filosofía de Habermas: os intereses do coñecemento, a acción comunicativa, a deconstrucción da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.	CCL
HFB5.4.3	Identifica as respostas da filosofía crítica da Escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea.	CAA
HFB5.4.4	Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza.	CSC
HFB5.4.5	Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepusculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.	CSC
HFB5.4.6	Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia.	CAA / CCL

3.5. OBXECTIVOS PARA O CURSO

O Departamento asume os obxectivos xerais do bacharelato que presenta o **Decreto 86/2015**, e precisa os obxectivos específicos da materia:

3.5.1. Obxectivos xerais do bacharelato (artigo 26 do devandito decreto):

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e

do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construcción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.5.2. Obxectivos específicos da materia:

- a) Coñecer a estrutura temática da filosofía como disciplina do coñecemento.
- b) Recoñecer e ubicar, xeografica e cronoloxicamente, os períodos da historia da filosofía e os seus representantes sobranceiros.
- c) Recoñecer as cuestiós esenciais da filosofía e as diferentes soluciones históricas.
- d) Comprender as diferentes soluciones históricas da filosofía e a súa evolución, en relación cos autores, escolas e épocas das que proceden.

- e) Relacionar as diferentes solucións históricas da filosofía co seu contexto social, cultural e histórico.
- f) Desenvolver a curiosidade e o hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida.
- g) Elaborar exposicións orais e escritas sobre temas de historia da filosofía con claridade, corrección gramatical e expositiva, coherencia e sentido crítico.
- h) Debater temas de filosofía, fundamentando racionalmente a propia postura, manexando argumentacións correctas, apoiándose criticamente en solucións tomadas da historia da filosofía, respectando outras solucións achegadas e dialogando con elles, e superando prexuízos e lugares comúns.
- i) Comentar textos filosóficos con rigor, claridade, corrección gramatical e expositiva, coherencia, sentido da súa estrutura, do uso dos conceptos principais, e das teses defendidas en relación co sistema do autor e coa historia da filosofía.
- l) Apreciar a lectura da filosofía como medio de enriquecemento persoal e de empatizar co resto das persoas.
- m) Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.

3.6. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE, DA TEMPORALIZACIÓN, DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, E DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

LISTADO DE PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
TIPO	SIGNIFICADO
Procedemento 4 (P4)	Probas escritas de comprensión e precisión con preguntas de resposta curta
Instrumento 4 (I4)	Rexistro cuantitativo-cualitativo dos resultados das probas con preguntas de resposta curta
Procedemento 5 (P5)	Probas escritas de redacción sobre temas de amplio desenvolvemento
Instrumento 5 (I5)	Rexistro cualitativo-cuantitativo dos resultados das probas de redacción sobre temas de amplio desenvolvemento
Procedemento 6 (P6)	Probas de comentario de textos da historia da filosofía
Instrumento 6 (I6)	Rexistro cualitativo-cuantitativo dos resultados das probas de comentario de textos da historia da filosofía

Estándares	Grao mínimo de consecución	Temporalización			Procedementos e instrumentos de avaliação
		1ª Av.	2ª Av.	3ª Av.	
Contidos transversais					
HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos dos autores estudiados, recoñece a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden relacionándoas	Comprende o sentido básico dos textos dos autores estudiados, recoñece certa orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, establecendo algúna relación coas	X	X	X	P6, I6

coas doutros autores ou problemas.	doutros autores ou problemas.				
HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identifica a conclusión, os conceptos e ideas relevantes, reconócece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.	Analiza as ideas do texto, identifica a conclusión e algúns dos conceptos e ideas relevantes, e reconócece a súa estrutura esencial e certa orde lóxica das súas ideas.	X	X	X	
HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas dos textos, en relación cos autores e temas estudiados.	Argumenta a explicación das ideas dos textos, en consegüe certa relación cos autores e temas estudiados.	X	X	X	
HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, oralmente e por escrito.	Argumenta as súas propias opinións oralmente e por escrito.	X	X	X	
HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasífiacos nos núcleos temáticos que organizan a filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.	Sintetiza o básico da filosofía de cada autor, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasífiacos nos núcleos temáticos que organizan a filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.	X	X	X	
HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e procedementos para a comprensión das teorías, e aplícaos con rigor.	Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o significado da maioria deles, organízaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e procedementos para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaos con certo sentido.	X	X	X	
HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes e reconócece a súa fiabilidade.	Selecciona información básica de distintas fontes e reconócece a súa fiabilidade.	X	X	X	
HFB1.3.4. Realiza redaccións, disertacións, investigacións e proxectos creativos con valoracións persoais dos problemas da historia da filosofía.	Realiza redaccións, disertacións, investigacións e proxectos creativos con valoracións persoais dos problemas da historia da filosofía.	X	X	X	
HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da rede para o desenvolvimento dos traballos.	Utiliza as ferramentas informáticas e da rede para o desenvolvimento dos traballos.	X	X	X	
HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados.	Realiza procuras en internet sobre os contidos da investigación, e usa conceptos adecuados.	X	X	X	
HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación usando as TIC.	Colabora en traballos colectivos de investigación usando as TIC.	X	X	X	

Estándares	Grao mínimo de consecución	Temporalización			Procedimentos e instrumentos de avaliação
		1ª Av.	2ª Av.	3ª Av.	
Bloque I: Filosofía antiga e medieval					
HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo inteligible, ben, razón, doxa, episteme, universal, dualismo, reminiscencia, transmigración, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor.	Utiliza, co sentido básico, conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo inteligible, ben, razón, doxa, episteme, universal, dualismo, reminiscencia, transmigración, virtude e xustiza, entre outros.	X			P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, na linguaxe escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.	Entende e explica, na linguaxe oral e na escrita, o esencial das teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.	X			
HFB2.1.3. Distingue as respostas dos presocráticos en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates, o convencionalismo e relativismo dos sofistas, relacionando esas preguntas e respostas coas solucións de Platón.	Distingue as respostas dos presocráticos en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates, o convencionalismo e relativismo dos sofistas, establecendo certa relación coas solucións de Platón.	X			
HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.	Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.	X			
HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, abstracción, alma, felicidade e virtude, entre outros.	Utiliza, co sentido básico, conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, abstracción, alma, felicidade e virtude, entre outros.	X			P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade	Entende e explica o esencial das teorías de	X			

as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética e a política, en comparación coas teorías de Platón.	Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética e a política, e establece certas relacións coas teorías de Platón.			
HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achegadas por Aristóteles.	Describe as respostas da física de Demócrito, establecendo relacións coas solucións achegadas por Aristóteles.	X		
HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvimento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.	Estima o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvimento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.	X		P5, I5, P6, I6
HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.	Describe o esencial das respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algún dos grandes logros da ciencia alexandrina.	X		P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e da relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses do pensamento de Agostiño de Hipona.	Explica o esencial do encontro da filosofía e da relixión cristiá nas súas orixes, usando algunha das teses do pensamento de Agostiño de Hipona.	X		P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva, entre outros, e aplícaos con rigor.	Utiliza, co sentido básico, conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva, entre outros.	X		P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB3.2.2. Entende e explica con claridade as teorías esenciais da filosofía de Tomé de Aquino: a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.	Entende e explica o esencial das teorías da filosofía de Tomé de Aquino: a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, establecendo relacións coas teorías da filosofía Antiga.	X		P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB3.2.3. Distingue as respostas do agostinismo, da filosofía árabe e xudía, e do nominalismo, usándoas en relación coas de Tomé de Aquino.	Distingue as respostas do agostinismo, da filosofía árabe e xudía, e do nominalismo, establecendo certa relación coas de Tomé de Aquino.	X		P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB3.2.4. Valora o esforzo de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvimento das ideas e os ao cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral.	Valora o esforzo de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvimento das ideas e os ao cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral.	X		P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.	Recoñece as teses básicas do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.	X		P4, I4, P5, I5, P6, I6

Estándares	Grao mínimo de consecución	Temporalización			Procedementos e instrumentos de avaliación
		1ª Av.	2ª Av.	3ª Av.	
Bloque II: Filosofía moderna					
HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.	Comprende o esencial do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e usa algunha resposta da filosofía humanista sobre a natureza humana.		X		P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB4.1.2. Explica as ideas ético-políticas fundamentais de Maquiavelo e compáraos cos sistemas ético-políticos anteriores.	Explica o esencial das ideas ético-políticas de Maquiavelo e establece algunha relación cos sistemas ético-políticos anteriores.		X		
HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, «cogito», idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.	Utiliza, co sentido básico, conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, «cogito», idea, substancia e subxectivismo, entre outros.		X		
HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías esenciais da filosofía de Descartes: o método, a relación coñecemento—realidade, e o dualismo no ser humano, en relación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.	Entende e explica, tanto na linguaxe oral e na escrita, o esencial das teorías da filosofía de Descartes: o método, a relación coñecemento—realidade, e o dualismo no ser humano, establecendo algunha relación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.		X		
HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna en relación coas solucións cartesianas.	Capta algún dos problemas da filosofía moderna en relación con solucións cartesianas.		X		
HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo de Descartes por contribuír ao desenvolvimento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.	Estima o esforzo de Descartes por contribuír ao desenvolvimento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.		X		P5, I5, P6, I6

razón cartesiana.				
HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como impresións, ideas, escepticismo, experiencia, asociación, hábito, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.	Utiliza, co sentido básico, conceptos de Hume como impresións, ideas, escepticismo, experiencia, asociación, hábito, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, liberdade e deber, entre outros.	X		P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías esenciais de Hume: a relación coñecemento-verdade, a crítica da causalidade e da substancia, e o emotivismo moral, en relación coa filosofía antiga, medieval, e co racionalismo.	Entende e explica, tanto na linguaxe oral e na escrita, o esencial das teorías de Hume: a relación coñecemento-verdade, a crítica da causalidade e da substancia, e o emotivismo moral, e establece algunha relación coa filosofía antiga, medieval, e co racionalismo.	X		
HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas políticos da filosofía moderna.	Coñece e explica o esencial das ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas políticos básicos da filosofía moderna.	X		
HFB4.3.4. Valora o esforzo de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.	Valora o esforzo de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.	X		
HFB4.4.1. Comprende os ideais dos ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	Comprende o esencial dos ideais dos ilustrados franceses, e explica o básico do sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	X		
HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, idea, lei, fenómeno, nómeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, entre outros, e úlizáos con rigor.	Utiliza, co sentido básico, conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, idea, lei, fenómeno, nómeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, entre outros.	X		
HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	Entende e explica, tanto na linguaxe oral e na escrita, o esencial das teorías da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, establecendo certas relacóns coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	X		
HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas soluciones achegadas por Kant.	Describe a teoría política de Rousseau, identificando algúns dos problemas da filosofía moderna e establecendo algunha relación coas soluciones achegadas por Kant.	X		
HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo de Kant por contribuír ao progreso das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre nacións.	Respecta o esforzo de Kant por contribuír ao progreso das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre nacións.	X		P5, I5, P6, I6

Estándares	Grao mínimo de consecución	Temporalización			Procedementos e instrumentos de avaliación
		1 ^a Av.	2 ^a Av.	3 ^a Av.	
Bloque III: Filosofía contemporánea					
HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor.	Utiliza, co sentido básico, conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros.			X	P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías esenciais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, o nihilismo e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en relación ás	Entende e explica, tanto na linguaxe oral e na escrita, o esencial das teorías da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, o nihilismo e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, establecendo certas relacóns coas ás teorías da filosofía			X	

teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.	antiga, medieval, moderna e contemporánea.				
HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade, e identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.	Distingue o esencial das respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade, e establece algúnsha relación entre os problemas da filosofía contemporánea e as solucións achegadas por Nietzsche.			X	
HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valoriza a defensa da verdade e da liberdade.	Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valoriza a defensa da verdade e da liberdade.			X	P5, I5, P6, I6
HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícalos con rigor, como obxectivismo, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.	Utiliza, co sentido básico, conceptos de Ortega y Gasset como obxectivismo, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.			X	P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.	Entende e explica, tanto na linguaxe oral e na escrita, o esencial das teorías da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, establecendo algúnsa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.			X	
HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valoriza seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.	Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valoriza seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.			X	P5, I5, P6, I6

HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de producción, lucha de clases, trabalho, plusvalor e humanismo, entre otros, e utilizaos con rigor.	Utiliza, co sentido básico, conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de producción, lucha de clases, trabalho, plusvalor e humanismo, entre outros.			X	
HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx: o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, a alienación e a ideoloxía, e a visión humanista do individuo.	Entende e explica, tanto na linguaxe oral e na escrita, o esencial das teorías da filosofía de Marx: o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, a alienación e a ideoloxía, e a visión humanista do individuo.			X	P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións de Marx.	Identifica os problemas esenciais da filosofía contemporánea en relación coas solucións de Marx.			X	
HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais actuais, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.	Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais actuais, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.			X	P5, I5, P6, I6
HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrucción, cultura e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.	Utiliza, co sentido básico, conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrucción, cultura e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.			X	
HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías esenciais da filosofía de Habermas: os intereses do coñecemento, a acción comunicativa, a deconstrucción da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.	Entende e explica, tanto na linguaxe oral e na escrita, o esencial das teorías da filosofía de Habermas: os intereses do coñecemento, a acción comunicativa, a deconstrucción da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.			X	P4, I4, P5, I5, P6, I6
HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da Escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea.	Identifica o esencial das respostas da filosofía crítica da Escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando algúns dos problemas da filosofía contemporánea.			X	
HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferencia.	Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferencia.			X	P5, I5, P6, I6
HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á	Coñece o esencial das teses do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á			X	P4, I4, P5, I5, P6, I6

razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.	idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.				
HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia.	Explica o esencial sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia.			X	

3.7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O Departamento usará os seguintes criterios de cualificación (CC):

CC1: Cualificarse por bloques. A cualificación de cada bloque será o resultado da calificación do único exame escrito que se desenvolverá na avaliación correspondente.

CC2: Cada bloque terá unha cualificación segundo os resultados dunha **única** proba escrita que constará de dous apartados (un texto e dúas cuestiós de redacción) e unha valoración da corrección, orde e claridade expositiva, e cujos tantos por cento correspondentes a cada apartado pódense ver na seguinte táboa:

Bloque	Procedemento de avaliación (P)	Tanto por cento de valor da proba	Número de probas
Bloque I	Proba escrita de comentario de texto da historia da filosofía e estándar vinculado (P6)	60 %	1
	Proba escrita de redacción sobre unha cuestión de amplio desenvolvemento e dúas cuestiós breves (P5, P4)	40 %	1
Bloque II	Proba escrita de comentario de texto da historia da filosofía e estándar vinculado (P6)	60%	1
	Probas escritas de redacción sobre unha cuestión de amplio desenvolvemento e dúas cuestión breves (P5, P4)	40%	1
Bloque III	Probas de comentario de textos da historia da filosofía e estándar vinculado (P6)	60%	1
	Proba escrita de redacción de unha cuestión de amplio desenvolvemento de dúas cuestión breves (P5, P4)	40%	1

☞ Nota: Só haberá unha proba por cada bloque que comprenderá os dous procedementos de avaliación.

CC3: A cualificación final na materia será o resultado da media aritmética das cualificacións dos tres bloques cadrada co enteiro máis próximo

CC3.1: En todas as avaliações as cualificacións que superen en alomenos cinco décimas calquera número enteiro cadraranse co enteiro máis próximo por riba.

CC4: A materia considerarase superada cando na avaliación ordinaria final o alumnado obteña alomenos o 45% da puntuación ofrecida polos procedementos de

avaliación desenvolvidos durante o curso, sempre que en ningún bloque obtivera menos do 40% da puntuación total do bloque.

CC5 (proba de recuperación final): No caso de non cumplir con CC4, o alumnado terá a posibilidade de presentarse a unha proba de recuperación final. Esta proba farase os derradeiros días lectivos do curso. A proba incluirá cuestiós semellantes ás usadas durante o curso nas probas recollidas nos procedementos de avaliación, e a súa estrutura poñerase en coñecemento do alumnado con alomenos unha semana de antelación. A proba de recuperación final presentará tres partes estruturais atendendo a se se debe recuperar un, dous ou os tres bloques.

CC5.1: Na proba de recuperación final recuperaranse todos os bloques nos que a puntuación ofrecida polos procedementos de avaliación desenvolvidos durante o curso sexa inferior ao 40% da puntuación máxima de cada bloque.

CC5.2: Se se consigue o 45% da puntuación total ofrecida polos procedementos de avaliación desenvolvidos durante o curso e algún bloque ten unha puntuación inferior ao 40%, recuperanse só esos bloques.

CC5.3: Se na proba final non se consigue o 45% da puntuación total ofrecida polos procedementos de avaliación desenvolvidos durante o curso deberase recuperar todos os bloques na proba extraordinaria de setembro.

CC5.4: A cualificación final do alumnado que faga esta proba final de recuperación obterase usando as cualificacións da proba de recuperación en substitución das cualificacións dos bloques recuperados para facer unha nova media. Atendendo a isto, o alumnado que o deseche pode non facer a recuperación dalgún bloque, sempre que a nota previa non sexa inferior ó 40%, e a nota media cos outros dous bloques non baxe do 45 % da nota máxima. No caso de que a nova media sexa alomenos dun 4,5 o alumnado superará a materia. No caso contrario, non a superará.

CC5.5: Para evitar o agravio comparativo co alumnado que conseguiu superar a materia durante o curso sen precisar a proba de recuperación final, a nova media conseguida polo alumnado fará media á súa vez coa cualificación media previa á proba de recuperación final, non puidendo ser inferior ao 4,5 se se cumplen as condicións do CC5.4.

Proba extraordinaria de Xuño

A proba extraordinaria de xuño incluirá cuestiós teóricas ou prácticas, semellantes ás usadas durante o curso e a súa estrutura poñerase en coñecemento do alumnado ao final do curso ordinario.

Superará a materia o alumnado que consiga o 45% da puntuación ofrecida na proba.

3.8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

O Departamento realiza unha avaliación do desenvolvemento da programación entre o alumnado a final de curso usando dous cuestionarios, un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados, comentados, incluiranse na memoria final de curso.

A escala para a valoración será numérica, do 1 ao 4, sendo o 1 a valoración máis negativa e o 4 a valoración más positiva.

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO		ESCALA			
		1	2	3	4
1	O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado				
2	Conseguiuse un desenvolvemento dos coñecementos do alumnado na materia				
3	Conseguiuse unha avaliación correcta e coherente do proceso de ensino do alumnado				
4	Conseguiuse un desenvolvemento adecuado do esforzo individual do alumnado no proceso de ensino				
5	Conseguiuse un desenvolvemento adecuado do traballo colaborativo do alumnado no proceso de ensino				
6	Conseguiuse motivar ao alumnado para desenvolver o proceso de ensino				
7	Conseguiuse implicar ao alumnado no proceso de ensino				
8	Contouse co apoio e implicación das familias no proceso de ensino do alumnado				
9	Mantívose un contacto periódico coas familias do alumno por parte dos docentes da materia				
10	Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE*				
11	Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE*				
12	Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado				

* NEAE: Necesidades Específicas de Apoyo Educativo

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE		ESCALA			
		1	2	3	4
1	Conseguiuse un desenvolvemento coherente da programación didáctica nas clases				
2	Cumpríuse coa temporalización no desenvolvemento das clases				
3	Conseguiuse un correcto aproveitamento do material e dos recursos didácticos				
4	Foron efectivas as estratexias metodolóxicas utilizadas				
5	Conseguiuse o desenvolvemento previsto das capacidades cognitivas do alumnado				
6	Conseguiuse unha adecuada motivación do alumnado				
7	Conseguiuse a implicación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe				
8	Conseguiuse combinar adecuadamente o traballo individual e colaborativo do alumnado				
9	Conseguiuse un grao adecuado de atención á diversidade				
10	Conseguiuse un grao adecuado de desenvolvemento dos elementos transversais				
11	Conseguiuse un correcto aproveitamento das TIC no proceso de ensino e aprendizaxe				
12	Conseguiuse un coñecemento claro dos criterios de avaliación por parte do alumnado				
13	Consegúronse aplicar os criterios de avaliación de forma clara e coherente para o alumnado				
14	Conseguiuse unha correcta relación entre os criterios de avaliación e os obxectivos didácticos				
15	Conseguiuse unha correcta relación entre o proceso de avaliación e as capacidades do alumnado				
16	Conseguiuse a implicación do alumnado no proceso de avaliación				
17	Conseguiuse un correcto equilibrio entre os instrumentos e o proceso de avaliación				
18	Conseguiuse eficacia nos programas de apoio, reforzo e recuperación				

3.9. ORGANIZACIÓN DE PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS, DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS QUE SE ADOPTARÁN EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Avaliación inicial e procedementos para acreditar coñecementos previos

Nesta modalidade de Bacharelato o alumnado ten matrícula aberta hasta o mes de Abril. Cada poucos días temos alumnos novos matriculados. Por este motivo non se leva a cabo ningún tipo de avaliación inicial, dado que o profesorado non sabe que alumnado ten matriculado hasta a mesma data do exame.

3.10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Departamento presenta as chamadas «Medidas de atención á diversidade» (do alumnado) unificadas para todas as materias ao seu cargo:

1. Como medida de atención ao alumnado que manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madureza intelectual propoñemos unha atención paralela que permita proporcionarles lecturas de obras adecuadas ao temario.
2. Como medida de atención alumnado que manifeste dificultades na comprensión dos contidos ou exercicios serán atendidos individualmente segundo as súas dificultades. Se radican na comprensión teórica, o docente presentará material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos. Se as dificultades están nas actividades prácticas, o profesor aumentará o grao de colaboración na escolla do material e na preparación e/ou exposición desas actividades.

3.11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURSO

A «Historia da filosofía», pola súa propia natureza, é unha materia marcadamente interdisciplinar. Ao longo do seu desenvolvemento conecta, en maior ou menor grao, co resto das materias que integran as diversas modalidades do bacharelato, particularmente: Historia, Historia da Arte, Lingua castelá, Lingua galega, Física, Matemáticas, Latín e Grego.

Segundo o **Decreto 126/2008, do 19 de xuño, no seu artigo 10**, presentamos e concretamos os elementos tranversais que pretendemos desenvolver na materia de «Historia da filosofía» durante o curso.

A materia debe facilitar que o alumnado comprenda a realidade na que viven, e que sexan quen de asimilar coñecementos para interpretala e tomar decisións conscientes e sen prexuízos, como cidadáns. Tamén debe servir para que adquiran sensibilidade ante os retos do presente e desenvolvan unha actitude crítica e responsable respecto aos problemas presentados, unha actitude solidaria na defensa da liberdade, os dereitos humanos, os valores democráticos e a construción da paz.

O proceso de ensinanza da «Historia da filosofía» pretende potenciar certas actitudes e hábitos que permitan ao alumnado a educación en cinco valores esenciais:

—O respeito, que entendemos en catro sentidos complementarios:

—Respecto a un mesmo a través da autoestima, a honestidade, o aprecio da propia dignidade, a valoración do esforzo persoal, a capacidade para aceptar os erros e para superar as dificultades.

—Respecto aos demais a través da empatía, da escucha e o diálogo, e da resolución pacífica de conflitos.

—Respecto ás culturas tanto nas súas diferentes mentalidades como nos seus costumes e hábitos, e no seu patrimonio material ou inmaterial.

—Respecto aos seres vivos e á natureza a través da comprensión do valor e dignidade de todas as especies, e da colaboración para evitar o deterioro medioambiental

—A responsabilidade ou aceptación das consecuencias dos actos morais, que intentaremos desenvolver en tres sentidos complementarios:

—Responsabilidade nas tarefas personais, coa aceptación crítica das consecuencias do traballo e coa implicación no desenvolvemento da materia.

—Responsabilidade respecto da sociedade, coa aceptación crítica das normas básicas de civismo, o desenvolvemento crítico do papel social de cidadanía, e a colaboración no desenvolvemento sustentable do planeta.

—A xustiza como respeito a cinco dereitos fundamentais nunha sociedade democrática e nun estado de dereito:

—Dereito á igualdade, con especial referencia á igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, así como aos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

—Dereito á educación.

—Dereito á paz, mediante o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

—Dereito á liberdade.

—Dereito ao pluralismo de ideas, costumes, valores e comportamentos.

—A solidariedade coas minorías e coas persoas en situacións de necesidade, de minusvalía, ou de exclusión social.

—A creatividade que fomentaremos a través da motivación para a busca de solucións novedosas, personais e alternativas a todos os problemas presentados.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das materias da etapa, e en cumprimento do disposto no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, nesta materia traballaranse distintos elementos transversais de carácter instrumental, un dos cales fai fincapé na adopción de medidas para estimular o hábito da lectura e mellorar a capacidade de expresarse correctamente.

A materia de «Historia da filosofía» esixe a asimilación e transmisión de ideas e informacións. Así, pois, o coidado na precisión dos termos, no encadeamento adecuado das ideas ou na expresión verbal e escrita das relacións fará efectiva a contribución desta materia ao desenvolvimento da competencia en comunicación lingüística, en particular no relativo á expresión e comprensión lectoras. O dominio da terminoloxía específica permitirá, ademais, comprender en profundidade o que outros expresan sobre ela.

O dominio e o progreso nas competencias lingüísticas nas súas catro dimensións de comunicación oral, (1) escoitar e (2) falar, e comunicación escrita, (3) ler e (4) escribir, será constantemente exercitada no desenvolvimento da materia e será comprobada e avaliada constantemente no proceso de ensino.

O Departamento presenta as accións previstas en relación co desenvolvimento das competencias lingüísticas na seguinte relación:

- Lectura, estruturación, comprensión e recensión de textos da historia da filosofía.
- Lecturas recomendadas.
- Realización de tarefas de investigación baseadas na lectura de documentos.
- Lectura de instrucións escritas para a realización do proceso de ensino.

Todas as unidades didácticas, sen excepción, cumpren unha función de transversalidade respecto á educación moral e cívica.

3.12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Os mecanismos que o Departamento contempla para a modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora están centrados en catro aspectos:

1. Asimilación e seguimento dos contidos por parte do alumnado.
2. Temporalización e secuenciación de contidos.
3. Cantidade e efectividade dos procedementos de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
4. Materiais e recursos didácticos.

No caso de detectarse errores significativos, variaranse durante o curso pero sempre consensuándoo co alumnado e consignándoo nas actas do Departamento. As variacións recolleranse logo na memoria final de cara a unha reelaboración da programación didáctica para o curso seguinte.

Se se trata de elementos de mellora que non afectan gravemente ao proceso de ensino e aprendizaxe, consignaranse na memoria final de cara a unha reelaboración da programación didáctica para o curso seguinte.

3.15.BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA: PROXECTO LECTOR

É consustancial a esta asignatura a lectura pormenorizada das fontes principais dos autores sinalados, así como a consulta de estudos, diccionarios e manuais de filosofía. En detalle:

FONTES:

- PRESOCRÁTICOS: Fragmentos relevantes
- PLATÓN: *A República, Fedro, Fedón*
- ARISTÓTELES: *Física, Metafísica, Ética a Nicómaco, Política*
- AGOSTIÑO DE HIPONA: *Cidade de Deus*
- TOMÉ DE AQUINO: *Summa Teolóxica*
- MAQUIAVELO: *O Príncipe*

- DESCARTES: *Discurso do Método, Regras para a dirección do espírito*
- HUME: *Investigación sobre o entendemento humano*
- LOCKE: *Segundo tratado sobre o governo*
- KANT: *Crítica da razón pura, Fundamentación da metafísica das costumbres*
- MARX: *Teses sobre Feuerbach, Manuscritos de economía e filosofía*
- NIETZSCHE: *A xenealoxía da moral, A gaia ciencia, O crepúsculo dos ídolos*
- ORTEGA y GASSET: *Que é filosofía?, Meditación sobre a técnica*

BIBLIOGRAFÍA XERAL

- ABBAGNANO: *Historia da Filosofía*
- COPESTON: *Historia da Filosofía*
- MARTINEZ MARZOA: *Historia da Filosofía*
- ZUBIRI: *Cinco lecciones de filosofía*
- GAARDER: *O mundo de Sofía*

DICCIONARIOS DE FILOSOFÍA

Recoméndanse os de FERRATER MORA, tanto en edición orixinal como de bolsillo.

ENLACES WEB:

Os enlaces abaixo indicados diríxennos a unha información complementaria moi interesante para o alumnado que desexe profundizar no coñecemento da filosofía.

www.webdianoia.com/ <http://www.boulesis.com/>
<http://lalechuzademinerva.es/historia-de-la-filosofia/>